

GUITIRIZ*Anuncio***OFERTA EMPREGO PUBLICO PARA O ANO 2021 DO CONCELLO DE GUITIRIZ**

Na Xunta de Goberno Local de data 03/03/2021 adoptouse o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a Oferta de Emprego Público deste Concello para o ano 2021 que contén o seguinte posto de traballo de persoal funcionario que deberá convocarse no prazo máximo de 3 anos:

Denominación Grupo Escala Subescala	Nº Vacantes	Acceso	Sistema selección	Fundamentación
Conserxe Colexio e outras instalacións municipais Grupo AP Administración Xeral Subalterna Ficha Nº14 RPT, Código 18	1	Libre	Oposición	Artigo 19.Uno.3.A) LOXE 2018

SEGUNDO.- Que se publique no taboleiro de anuncios da Corporación, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no DOG.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao da publicación ante o mesmo órgano que a ditou conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Lugo no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da publicación de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que poida exercer calquera outro que estime procedente.

Guitiriz, 4 de marzo de 2021.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0592

*Anuncio***Convocatoria para a actualización da bolsa de emprego temporal de peón-condutor de servizos múltiples anos 2020-2022. Expte. 217/2021.**

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 03/03/2021 aprobáronse as bases e convocatoria para a actualización da bolsa de emprego temporal de peón-condutor de servizos múltiples anos 2020-2022 para o Servizo de Medio Ambiente e Infraestruturas.

O prazo de presentación de instancias será de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases da convocatoria estarán a disposición dos interesados na páxina web municipal (www.concellodeguitiriz.com), na sede electrónica municipal (<http://guitiriz.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios (planta baixa da Casa Consistorial do Concello de Guitiriz, sita na rúa do Concello nº4, 27300 de Guitiriz).

Guitiriz, 4 de marzo de 2021.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0593

PEDRAFITA DO CEBREIRO*Anuncio***APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE XANEIRO 2021**